



## I CONCURSO DE FOTOGRAFÍAS “MIRADAS DE NADAL”

### **BASES DO CONCURSO**

#### **1.- FINALIDADE**

A finalidade deste concurso é dar visibilidade e provocar interaccións sociais a través de fotografías dunha parte de cada persoa que se descubre nos tempos de pandemia actuais, nos que existe a obrigatoriedade do uso da máscara, que é a mirada. A mirada é persoal e intrasferible e en moitas ocasións é reflexo do estado de ánimo, de ledicias e tristuras e, incluso da propia personalidade.

Con esta actividade preténdese que a poboación de Santa Comba e doutros lugares se animen á participación, interactúe dunha maneira positiva nas redes sociais que, diante das limitacións provocadas polos confinamentos, peches perimetrais, limitacións de horarios e mobilidade; se convertiron nunha ferramenta máis, por si xa non o eran, nas relacións sociais.

Entre a mirada e coñecer os sentimentos da xente hai una fina liña, e o que se busca neste concurso é descubrir esas miradas máis expresivas, divertidas ou significativas en pleno tempo de casi non verse as caras.

#### **2.- PARTICIPANTES**

Poderán participar neste concurso todas aquelas persoas físicas de 12 anos en diante, que cumpran con estas bases. A participación é totalmente de balde.

**Os/as participantes poden utilizar estas canles:**

- E-mail: enviar ao correo [omixsantacomba@gmail.com](mailto:omixsantacomba@gmail.com) a súa/s fotografías, e subiranse as redes do Concello de Santa Comba, facebook e Instagram.

- WhatsApp: Enviar ao número 663 728 968 a súa/s fotografías, e subiranse as redes do Concello de Santa Comba, facebook e Instagram.

**Redes sociais (opción preferida):** Os participantes poden subir nas súas redes sociais ( facebook e Instagram) a súa foto coas etiquetas

**#miradasdenadalsantacomba**

**#SantaCombainfo**

#### **3.- TEMA**

O tema será: Fotografía de miradas

Os traballos que se presenten deberán ser orixinais e inéditos. Non se admitirán imaxes de montaxes, nin manipulacións que non sexan exclusivamente tratamentos de cor ou axustes de calidade ou procesado da imaxe. As fotografías non terán ningún elemento: sinatura, logo, iniciais,...

No caso de que se presenten ao concurso fotografías con imaxes de persoas físicas, recae sobre o participante toda responsabilidade relacionada co dereito á intimidade e a propia imaxe.

#### **4.- CATEGORÍA**

Formato libre, en diferentes modalidades como fotografía, “selfie”, “collage”, “boomerang”, etc.

Nesta edición, non se permite video.





## 5.- Nº DE OBRAS E FORMATO

Cada participante poderá participar cun máximo de cinco traballos, os cales poderán ser en cor ou en branco e negro.

De compartir máis fotografías a mesma persoa ( é posible, e axuda a enriquecer tamén o concurso), seleccionaranse para participar as 5 primeiras publicadas.

## 6.- PRAZO DE PRESENTACIÓN.

Poderanse enviar ou etiquetar fotografías entre as 00.00h do día 5 de Decembro ata as 23:59h do día 18 de Decembro.

## 8.- XURADO E SELECCIÓN DOS MELLORES TRABALLOS.

3 Persoas designadas pola organización, con competencias nos sectores da fotografía, publicidade e redes sociais, seleccionarán 5 dos traballos presentados en base a súa expresividade, calidade artística, significación, orixinalidade, etc.

Eses 5 traballos publicaranse nas redes sociais do Concello de Santa Comba, Facebook e Instagram, o Luns 21 de decembro, e abrirase un prazo ata as 23:00h do 27 de Decembro, para que a xente poida dar “Gústame”, “Me gusta” ou “Like” (interaccións positivas, en todo caso) en ámbalas redes.

## 9.- PREMIOS

A semana que comeza o 28 de Decembro, realizarase o cómputo de inteaccións positivas dos 5 traballos candidatos:

Haberá 4 premios, 2 por Rede Social:

Facebook:

1º Premio: 30 € nun vale de Compra no Comercio Local

2º Premio: 20 € nun vale de Compra no Comercio Local

Instagram:

1º Premio: 30 € nun vale de Compra no Comercio Local

2º Premio: 20 € nun vale de Compra no Comercio Local

Os premios entregaranse nunha data a concretar na semana de Reis.

Os premios deberán ser canxeados antes do 15 de febreiro, previa comunicación coa Oficina de Información Xuvenil do Concello de Santa Comba.

## 10.- RESOLUCIÓN/DEREITOS DO CONCELLO

Todos os traballos presentados pasarán a formar parte dun arquivo creado para uso municipal, e poderán ser expostas e reproducidas co obxectivo expresado nos obxectivos do Concurso.

A participación no concurso supón a aceptación destas bases.

